

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 27

A CRUÑA 10 DE AGOSTO DE 1917

## REGIONALISMO INFANTIL, por Castelao



- E tí, ¿por qué non falas en gallego, ho?  
—Non me lo permite mi papá?  
—E logo, ¿qué é o teu pai, larchán?  
—Te es guardia de consumos.

## HONROSA CHAMADA D'UN ALLEO

## À XUVENTUDE GALEGA

Dando unha mostra mais da nosa desparcialidade, e de que non admiramos os prohombres d'España pol-o partido en que loitan, sinon pol-os seus fondos pensamentos, ofrecemos ós nosos lectores iste valente artigo de D. Antón Maura, publicado na *Voz de Galicia*, con motivo da inaugurazón do moimento á Rosalía:

*NON* conoín fillo algún de Galicia, que deixare de rendire descondizional tributo d'amore e admirazón á Rosalía Castro.

Nin predileccións literarias, nin escolasticismos estéticos, nin ideias políticas, fixeron mengoa, nos naturais de tan belo país, na devozón amplamente cordial pol-a cantora da sua terra. Non acontece o mesmo, no que un lego com'eu abrangue, co as outras grandes figuras da escola lirica do Noroeste. Pra calquera d'ilas, hai sin dúbida, na moitedume de lectores, por uns ou outros motivos, restricións do aprauso, reservas da loubanza.

Con Rosalía non acontece isto; a Rosalía ninguén a discute; pareceria profanazón introducir o escalpelo no corpo maceirado e dóiente da sua obra. Pra Rosalía sóio hai admiración e amor. Nos labres galegos, suas estrofas asoman con melosiñas de vos materna, con tremorosa emozón de pregaría.

Ista muller, pouco menos que divinizada pol-o amore que tivo i-eispresou á sua terra, é algo mais que un poeta grorioso; é a poesía mesma de Galicia; é a Elexida pol-a Providenza, pra levar eternamente a vos d' un pobo e d' unha raza.

Ben fan os fillos de Galicia, tanto da Galicia peninsuar coma da Galicia traisatlántica, en prodigaren mármores e bronce a doce acordanza do poeta predileito! Mais, ¿premitirase unha franqueza a quen, com'eu, gobernou, atento ós problemas d'orosos, pranteados en España?... Pois, con ausoluto e

*anticipado respeto á convición allea, séiame lícito eispresare algo qu'é en mín priocupazón antiga.*

*Pouco preparado com'estou pr'aperciare a ténica do galego, non m'é hagosó o encaráreme por exemplo con Follas Novas, atenuare co-a beleza literaria, nin co-a tenrura melódica do ritmo, o somio horrore dos cadros d'isas aldeas arrasadas, moral e materialmente, pol-a inxusticia, pol-o desbaraxuste administrativo, pol-o usureiro rural, pol-as mil eiscrabres tiranías comúns a España enteira; tiranías que veñen preparando e termiñarán por consumaren a ruína da Patria, coma non váiase ó seu natural descuaxe.*

*As únecas notas feras que ten a lira de muller tan resñada, son-as qu'arríncalle a servidume destolerabre que sobor seus paisanos pesa.*

*É, en efeito, a obra de Rosalía, un moimento literario do máis outo valore; mais, é tamén un testamento político cuio comprimento resulta unha obriga pra a xuventude galega. Non quedará debidamente honrada a acordanza de Rosalía, seia cal seia a pompa das eisequias cívicas d'agora, mentras a sua amada Galicia permaneza na postración tristeira en qu'ila nol-a persenta, añorante de milloramentos fundamentaes na sua estrutura social, e na sua dinidade cibdadana.*

Moi ben, a chamada. Nós escoitámola con amore, e deixámola resoar no noso corazón, aceso na máis limpa das vountades de sermos testamentarios da nosa inmensa poetisa... E despois de todo, ¿a quen lle virá máis acaído ter tan nobre cárrego, que ós que xuramos a nosa fe no altare de «Galicia sobre de todo»?

## DENDE COMPOSTELA

## O MOIMENTO A ROSALIA

O trinta do derradeiro mes inangurouse o moimento á esgrevia cantora da nosa terra, Rosalía Castro de Murguía. Con tal motivo Galicia enteira, a prensa e o pobo, manifestou en eispontáneos e sentidos homenaxes o fervoroso agarimo que a yalma da raza cobiza, pra que tan imparolabremte soupo encarnar seus sentimentos. Imos pois sômente a falare do homenaxe oficial que n'esta cidade se lle fixo con ocasión da inaugurazón dita.

Pol-a mañán xuntáronse total-as comisiós e representaciós n-o paseo do Marqués de

Bóveda pra solenizar o descubrimento da estatua. Ofrecía formoso aspeito o conxunto adornado con bandeiras galegas e españolas: iso pareceunos ben e oportuno ademais. O que xa non coidamos oportuno foi ver cuberta a sua estatua con ambas bandeiras; á Rosalía enxebre, tremante de xenreiras pra Castela centralista pareceunos que abundaba a cubrise sômente a bandeira galega; de seguro ise sería o seu desexo; e isto o decimos non por odio a España, que naide sinte, pois todos somos españoles, (e que a arelamos nós poderosa e grande mais

que os patrioteiros que a aldraxan) sinon por amor a Galicia e a Rosalía.

Presidía o acto o Sr. Besada en nome do Goberno. O descubrírese a estatua, a banda municipal tocou a marcha real, despois tocou un pasodobre toureiro, e despois... outro pasodobre toureiro; o público agardaba, e con razón, múseca galega—¡ouh Rosalía, si ti viviras!—De contado o Sr. Fraiz Andón erguéuse a lér un longo discurso que non ouvimos, e ó rematar, o Sr. Alcalde leu outro discurso que tampouco ouvimos. Despois Picorete saíndo d'un rencuncho onde istaba, prantouse n-o alfombrado redondel, e alí deu solta á un discurso compretamente seu; falóunos do rexionalismo, dos paxaros, dos montes e dos ríos; moi fofo e picoreteiro. O remate, falóu o Sr. Besada brevemente e oportunamente; cumpliu. A pouca xente que asistiu, estivo discreta e silenciosa.

## Xantar, serenata e asobios.

O mediodía os elementos oficiás déronlle un banquete ó Sr. Besada, n-él falou Viguri, dimpois seu amo, ambos combinados; a finalidá foi presentare veladamente ó Sr. Viguri como candidato e deputado a Cortes por Santiago; ¡santiagueses alerta! Fai pouco enterrástedes nn caciquismo secular; a ver si dades tamen conta do que se vos ven enriba.

As oito do serán o orfeón santiagués foille cantar ó Sr. Besada diante o Hotel Suizo, onde hospedabase. Toda a xente que por alí pasaba foise parando hastra xuntárese unha masa que cubria a calle; e ista masa eispontaneamente déulle unha pita ó Sr. Besada d'isas que acostuman a chamarse moimentás; ouvíronse berros de ¡abaixo o caciquismo! ¡viva Galicia! ¡terra a nosal, e o crecente cramor do público apagou as notas do orfeón que deixou o campo libre ó pobo. Moita xente doéuse pol-o Sr. Besada; moita xente que nunca se doéu pol-o pobo. Non imos falare da oportunidade da silba; a Liga de Amigos non invitou ó Sr. Besada, invitou a Academia española; o Sr. Besada tampouco veu *motu proprio*, mandóuno a Academia coa sua representación; foi pois un fenómeno fortuito a presencia do Sr. Besada en Santiago; non dependeu d'él nin da Liga; non teñen pois culpa algunha a Liga nin él; foi algo fatal sinxelamente; as cousas no seu punto. Mais tampouco hai que botarlle a culpa da silba a ninguén; foi tamen un fenómeno fatal; o pobo non asubiou á persoa de Besada; si viñera Dato ou Bugallal ou outro calquera tamén o asubiarían porque o pobo non veu n-o Sr. Besada mais que un representante do Goberno, do caciquismo centralista, da política morta, e instintivamente portestou contra d'él, en defensa propia dos seus sagros sentimentos, representados pol-a musa de Rosalía, sentimen-







# ACTUALIDADE ECONÓMICA

## A CAIXA CENTRAL DE CRÉTO AGRÍCOLA

Non podemos, os que temos o propósito de fitarmos de cote os problemas rexionales, deixar que se nos teña por esquecidos de un asunto tan importante pra Galicia, como o é o do creto en relación coa vida agrícola.

Temos por cousa evidente que o progreso da nosa patria natural ten por xermen a perfección dos cultivos e o adiantamento da xente campesiña. Esta perfección e adiantamento se non fan sin diñeiro; o labrego, non o ten; logo o progreso de Galicia é dependente de unha organización económica que poña en contacto a sedenta boca da necesidade, coa fonte dos medios económicos, fonte que hoxe se encharca folgazana i-egoísta na pía de algún Banco, onde o rico bebe a calamidade social e gloria individual do cupón.

Mais se non creía que sóio o diñeiro salva á Agricultura. O numerario, eisparexido

pol-o campo como o trigo na arada, a voleo, non serviría pra cousa boa. Sobrarían paxaros que comeran a semente, e poucas, moi poucas serían as espigas que se lograsen prá a colleita.

Os remedios locais son bos pra enfermidades locais tamén; un brazo gangrenado amputase: pro un home todo enfermo, se non pode facer naquizos. Pr'as enfermidades locais, si é que as hai n-unha co-leitividade, poderán servir os remedios locais. Ó menos ansí o diu os que cren na eficacia dos auxilios momentáneos e da xusticia primitiva exemprarizada na pena de morte, mais enantes que darlle todo o seu mérito á organización económica e á educación social. Mais pra unha enfermidade por todo o mundo ollada como xeneral, a meiciña ten de sere xeneral tamén.

Inda cando se da un caso de gangrena, o remedio que sabiamente se apriqueten

de sere de organización. Enantes da gangrena, a organización sería preventiva; despois de ela, será defensiva, porque todos sabemos que cando a podre é moita o sangue leava por todo o corpo, e si nos fiamos das amputacións teremos que facelas hoxe e mañan, e, tantas veces, que tallaremos o corpo en niscos.

Por eso da xenio ollar que por fin apareceu un ministro que quere aplicar os remedios que se derivan da organización económica, pra abranguer que o país ascenda pol-a escada do progreso. Pro, temos que ver en que condicións se hacha Galicia, e o que pode recoller do beneficio que o pobo lle fixo o Sr. Vizconde de Eza coa creación da Caixa Central do Creto Agrícola; que ben poidera ser que pra a nosa terra haxan posto os bois enantes do carro.

Vel-ahí o que nos propoñemos estudar en varios artigos. O acerto guíe a nosa pruma, que a boa intención témola de cote en ela pra lle darmos os trazos que ela fai, a eispresión do noso amor á benta terra galaica.

A. VALCÁRCEL

## CADRO D' HONORE

### ¡Santiago, cerra Galicia!

*Chamábaselle a Compostela a cidade vetusta. Compostela era groriosa pol-a sua «vetustez»; pol-os seus moimentos. O trunfo do pasado, bullia na escada do sol tremante sóbor das pedras milenarias, com'unha sinfonia de lembranzas, intelpretada pol-a voz da Historia. Compostela era a cidade das somas e das ruas silentes. Compostela era o panteón grorioso do século d'ouro galego. Un ciclope de granito c'un soio moderno ollo latexante: o da Universidade.*

*Coidaban moitos morta a vella Compostela. Coidaban sua y-alma de pedra. Coidaban que pra adequerir o direito a auscita-tala tiñase a obriga de facer noite na pousada de Lourizán, pra mercar a bula de Meco.*

*Mais todos ficábamos trabucados. Compostela non era unha momia groriosa, esmagada antre pedras; Compostela era como princesa dormida, a carón dos pasos artísticos, baixo o influxo fondo das recedentes froles da lenda.*

*I-espertou a tempo, sacudindo sua preguiza secular, facendo das pedras que compoñen o panteón grorioso das suas lembranzas históricas, nas que parecían afundirse os corazóns novos, barricadas espirituales. Empalmou con forte ñuo o pasado c'o porvir. En a sua man chea de luz, na sua man escintilante—¡ouh Minerva coroada c'os loureiros da cidadanía!—mostrou esquirto n'ouro o seu direito a seguire chamándose a capital inteleutual de Galicia.*

*¡Benta Compostela! Tiveches o xeito aristocrático que che cadraba. Ante a gran reina e señora, nai do rexurdimento poético galego, Rosalía Castro, petouche amostrare que inda non esquenciches coma se fan os honores, antre o señorío. I-o teu espírito cen veces fidalgo, desentendéndose dos señores feitos de presa, púxose en pe, i-aquiles ficaron pequenos. Que moitas cousas parecen grandes—como dixo Mirabeau—porque nós ollámolas postas de xionllos.*

*...Morreron as lumiarias; apagouse o estoupe dos foguetes; calaron as músecas; esquencéronse os verbos valeiros da vanidá que pesca en río revoltó. Certo que hai unha estatua máis en Galicia ¿e qué? ¿Galicia será máis por iso? ¿Daralle iso novos progresos?*

*Rosalía merecia un trascendente, froitifero homenaxe. E iste homenaxe non poderían facelo os organizadores de festas; os homes de comité, con xeito de maordomos de folión e romaxe. Nin siquer os xornalistas que fan pasalo botafumeiro da adulación pol-as columnas dos seus xornás. Iste hamenaxe tiña de sere cousa do Pobo; do Pobo que foi o mestre e a musa de Rosalía. E foino, abofé.*

*Coma un alento xerminal latexante de civis xenreiras, correu pol-as vellas ruas da vella Compostela, cal por canles de pedra, traguendo todol-os recendos da libertá á terra baixa dend'as montañas, pra xenerar a fervenza produtora da enerxía que pon nas almas luz de redención. O pobo compostelán, o verdadeiro pobo, dóulle á cidade vetusta unhas xornadas europeas. E o descubrimento da estatua de Rosalía tivo visporas cidadanas. Os traballadores do campo, os traballadores da vila co'as mans apreixas, formando roda, n'estreita solidariedade entoaron o hino da libertade, pra amostrare que xa os tempos son chegados en que non hai que pedire que «se trate ben os galegos», porque os galegos saben que soio trataráselles ben, cando iles obriguen a que se lles dia bon trato.*

*Que cada un faga a sua estatua, dicián os alexandrinos. E vós, obreiros de Compostela, dando un outo exemplo a todol-os obreiros da terra, fixéchedes a vosa; a uneca estatua que non s'esnaquiza endexamais: a da cidadanía.*

*¡Vella, groriosa Compostela! Ofrendáchelle a Rosalía unha coroa viva: a da organización proletaria millor d'España que nós fai crer n'unha próisima hora de libertá prena.*

*¡Benia a ti, que xunto co'iso, sospeches aínda conquerir as primicias da dinidá rexional! FOI COMPOSTELA A GRORIOSA, A CAPITAL INTELEUTUAL DE GALICIA, A PIRMEIRA CIDÁ DA NOSA TERRA, ONDE UN CACIQUE DE VOLUME, UN POLÍTICO OUTO, ESCOITÓU PROTESTAS E SILBIDOS. O pontífice do Rexionalismo ortodoxo, Besada, puido decatar-se, de que xa á veira dos parvos e dos arribistas, frolece a cidadanía e xermola o bñ senso da xusticia. Xa non todo é orégano no monte pra os galegos desleigados. Xa o pobo pode glosar, con verbos cheos de xenreira, os meigos versos de Rosalía:*

¡Sursum corda!



## FINOÛSE O «PENSADOR» DE CATALUÑA

## O NOSO SENTIMENTO FONDO

O finárese Prat da Riba, deixa nas filas dos que loitan pol-o conquerimento d'unha Cataluña «rica e prena», un fondo valeiro.

Prat da Riba era un cume outo da intelectualidad catalana, un grande home gloria d'España, orgulo da raza latina, froito ademirabile do europeísmo.

Pensador sereo, n'il atopábase canto caracteriza ós chamados homes representativos no senso emersoniano. Prat da Riba, illado da praza pública, enemigo das gabanzas das ruas, namorado do recollimento, como un xeneralísimo d'un exército moderno, dende a soeda austera do seu gabinete de traballo, sinxelo e forte, dirixía, trunfalmente, a nova política catalana. Ninguén, coma il, soupo sacar de puntos do bloque da raza, alumeado por Almirall, a estatua da «nacionalitat catalana». Pra loubar a grandeza de Prat da Riba, temos que lembrarnos do «Pensador» de Rodín. Tal vos era de culto, forte, sereo, dino e espritoalmente formoso.

Inspiraba veneración e impoñía respeto. Nas horas mais ferás da loita, cando as xenreiras lostregueaban, Prat da Riba desarmaba co'a súa sorriso aristocrática, e c'os seus verbos repouados, ós piores enemigos. Xamais súa autoridade deixou de trunfar. Dend'a persidencia da Mancómunidad, inda rixindo minorías, nunca foi derrotado en ningunha iniciativa. Y-é que no miolo d'iste grande home lateaba a inspiración dos escolleitos, dos que tran ô mundo un outo disinio porvidencial. Tiña a serenidade crásica; a craridá mediterránea. E dixérase un aristócrata señor do Renacemento, naído na República froentina, devoto de Maquiavelo, parente de Baltasar Gracian, amigo de Montaigne, y herdeiro do águia e da cóbrega que ouviron e siguiron a *Zaratustra*.

Si Prat da Riba non tivese que ser político por «imperativo categórico», deixaría esquirto un novo libro úneco com'o «Diario íntimo» do seu tocayo Amiel.

Pro a visión d'unha forte Iberia, nacéu na súa concencia, e na actual podre d'España, por riba das noxentas parolas dos vellos políticos da Meseta, perdicóu un novo sermón da montana, e dóu as novas táboas de pedra, Cristo e Xehová a un tempo, antre o lostregueo e o estroncio da guerra europea.

Inconmovible com'a pena, com'a pena purifica as augas bruadoras do mar cand'ós seus pes esnaquízanse, eisí il purificaba as berrantes xenreiras dos enemigos.

Díxose, inda fai pouco tempo, que Prat



da Riba, e Maura, eran as primeiras figuras da política española. Non hai trabucación. Éranno, sen dúbida. Entrambos cumes. Pro Maura, com'o volcán; Prat como curuto de neve perpétua. Os dós grandes; os dós da gloriosa raza catalana: os dós descentralizadores, con xeito mesiánico.

Difizlemente, Prat da Riba atopará sustituto. Mais, en troques—y eiquí enxérguese pol-o que é merecente do nome de escultor de pobos—deixa un longo fato de discípulos, deixa unha escola en pe, onde a colleita de apóstoles do seu credo ha sere abundosa.

Nos que o tiñamos por mestre, choramos a súa morte, ateigados de dôr, apertando á irmá maor Cataluña sóbor do noso peito.

Diriximos, cumprindo un deber o siguiente telegrama:

«Lliga Regionalista.—Barcelona.—Irmandades Fala e nacionalistas galegos c'o corazón cheo de loito, choran morte Prat da Riba, xenial escultor pobos que no bloque da raza catalana sacóu de puntos nacionalitat rica e prena. Millor oración, alma mestre. ¡Visca Catalunya, mater iberorum!»

Atopándose en Barcelona nosos irmáns os señores Bidegáin e Escudero, cando o falecemento de Prat da Riba, fixeron entrega do siguiente pésame que foi publicado no xornal *La Veu de Catalunya*:

## «AS IRMANDADES DA FALA»

Finóu o apóstol no momento en qu'o nimbo da vitoria comenza a marcarse a benfeitora potencialidade das súas ideas xenerosas. Prat da Riba foi aceirada vountade qu'horadóu montañas, calumnias e insidias, tendéu pontes á furia torrencial das cubizas i-espallóu pol-a península ibérica a fiducia en días de redenzón pra España. Decire Prat da Riba e o mesmo qu'invocare a i-alma patriótica d'un pobo, e á do séu, dóulle fé, fiducia e constancia, que son alento, forza e resistencia d'unha raza.

Cataluña sofre irreparable disgracia co-a perda d'un dos seus mais precaros fillos. Prat da Riba déixall'a Cataluña o consolo do cuantioso herdo espritoal, pra qu'a administren d'hoxe en diante os catalás, con tod'o entusiasmo e con tod'a enerxía que requeren a magnitude e a índole do legado.

Catalás, ou o qu'è o mesmo, irmáns: En nome de moitos galegos, no d'unha gran parte da nosa querida terra, onde innumerables antenas ergueitas pol-a sensibilidade d'ideias xemelos dos vosos, recollen as fortes vibracións do patriotismo que personificaba Prat da Riba, recibide noso cariñoso pésame, e permitide que choremos con vosco a morte do mestre.

Permitide tamén que xuntos e con devoción, a mais sincera com'a mais fermosa pregaría, e a modo d'homenaxe, o mais fervoroso e dino do ilustre Prat da Riba, do primer patriota, berremos: ¡Visca Catalunya!

Pol-as Irmandades da Fala da Cruña, Santiago, Ferrol, Vigo, Monforte e Villalba, *Alonso Escudero, Emilio Bidegáin.*»

## UNHA SÍNTESES

## DO MOMENTO AUTUAL

CANDO s'esvairán isas somas humanas que finxen constituire un Goberno? E perciso. Sóbor de todo é cuestión de decoro nacional que Sánchez Guerra deixe o ministerio que, sin sere endexamais modelo d'hiene política, trocáu n'un establo de Augias. Nunca abranguéu a mentira coma instrumento do Goberno, tal grado de fachen-

doso cinismo comá na boca d'ise home. A versión que dóu do acontecido en Barcelona, e sen dúbida a maor andrómena co'a que deshonoróuse un gobernante. En calquer país onde rexise o mais pequeno esprito de sanción pública illaríase a un suxeto eisí coma un acheirado moral. ¿Non é unha mostra de desmoralización social que un home de tal xeito ocupe aínda un ministerio? Logo doémonos de que no resto do mundo óllesenos con desprezo e lástima.

A Asambreira de Barcelona, é o acto de

maor transcendencia de cantos rexistráronse n'a España dende meio século, pesi-a algúns cretinos gubernamentales (e ô xuicio tras-acordado de coase todol-os xornás galegos). Pode resumírese eisí: España está cubizosa de renovación; fan falla outras Cortes e outro Goberno (1);

(Do boletín de Madrid, *España*).

(1) Houbo censura. Non premiten brancos nin puntos: un coxo.



## DANDO NO CRAVO

CHAMÓUSELLE á Asamblea de parlamentarios que s'efectuou en Barcelona, Asamblea dos catalás.

Houbo moito intrés en nomeala eisi. Os xornás de Madrid, os políticos de Madrid e os parvos boletís «provincianos» que falan con mala intención, que adoitan caere en todolos engados dos que fainos ouxeto o centralismo xenreiroso — falan sempre de «Asamblea de parlamentarios de Cataluña.»

E isto non era certo. A xuntanza de deputados e senadores que tivo lugar en Barcelona, asistiron cantos na España son verdadeiros representantes d'opinión, todolos que, no país hispano son elexidos por sufraxio universal. Os únecos que ostentan un acta froito da vountade popular. (¡Eiquí doil!)

Por de contado, coáseque todolos de Cataluña. Eisi os rexionalistas, com'os radicás e os do bloque republicano, amén d'algús monárquicos, Roig e Bergadá, antr'eles. Os de Madrid: Castrovido, Pablo Iglesias e Morayta; o de Valencia, Sr. Azatti; o de Bilbao, Horacio Echavarieta; o de Xerez, Moreno Mendoza; os de Asturias, Pedregal, Melquiades Alvarez, etc., outros andaluces, como Santa Cruz, verbigracia.

¿Por qué, pois, ise intrés en chamarlle catalana a unha Asamblea na que autuaron cantos deputados e senadores españoles representan a vountade popular? Quizais pra facela odiosa e sospeitosa, xa que o centralismo dende antigo ven sementando cativos prexucios contra de Cataluña, a gran reión maor d'edá d'España.

Compárense, compárense os homes d'isa Asamblea c'os megaterios do partido liberal, fillos do pucheirazo, da xenrocracia e a oligarquía!

E despois de comparados, dígasenos si poden invocare o patriotismo, do que queren facer un monopolio máis, pra zugar d'il os elementos dos vellos partidos do turno que levan por armas do seu escudo, o grifo e o vaso de que falou Maura.

Galicia, a probe Galicia, non tivo outra representación n'esa Asamblea que a delegada das Irmandades da Fala.

¡Deputados e senadores galegos! Deus nol-os dea. Galicia dend'as constituentes non tivo mais que parlamentarios, froito da ficción, encaseirados nos partidos monárquicos. Nin un soio deputado antidinástico, da dereita nin da esquerda; ningún independente. Liberáes d'un señor; conservadores d'outro señor.

Unha ondonísima vergoña que amostra com'a cidadanía na nosa terra, inda non existe. Non existe ende mal, mais que un longo campo patográfico da caciquería ruralista no que colleitan os labercos que dispoñen da bola do ministerio da Gobernación.

¿E no nome de todo este taboado de feira das concencias, estrévense a protestare da Asamblea de Barcelona os parvos xornás galegos?

Na mentres non teñan outro pe pra enxergar sofismas...

## REXIONALISMO DE CACIQUES

Di valentemente *La Voz de la Verdad*, de Lugo, falando da Asamblea que prepara o Sr. Besada pra o próisimo Setembre:

«Ísa Asamblea que se quere facer pra o mes do Setembre, terá de ser cousa así como unha intelixencia dos caciques da provincia, que pode chamarse acordo de compadres pra mellor gozaren iles o mando.

»O Sr. Besada virá á Lugo, en compañía de liberaes pretistas como Montero Ríos, Soto Reguera, Quiroga Espín, e romanonistas como o Sr. Bustelo.

»Os políticos liberaes xamáis se fixeron notar pol-o seu amore ó rexionalismo. Foron os maores enemigos das reivindicacións catalás.

»Caciques rodeian ó Sr. Besada, caciques virán n-a compañía de él, á Asamblea; ¿qué terá de ser ista?

»Invitásenos á todos pra que non nos arredemos da unión lucense. Xa decimos agora as razóns que temos pra estarmos lonxicuos da Asamblea, desexosos somente da amizade do pobo honrado. Pra chegar-

mos á unha intelixencia, a unha armonía, teríamos de poñer, como primeira e capital condición, a morte do caciquismo. Despois, ollaríamos si víñamos ó rego do rexionalismo do Sr. Besada.

»Sin esa condición non deixaremolas nosas posicións, nin siquera por pouco tempo, porque non pode haber trégola n-o intre que haxa un pobo sedento de xusticia que se desvaece na agunia, á mans dos caciques e da política desditada dos gobernos de agora.»

Así se fala. Ben se deixa ver que no culto xornal de Lugo, non hai unha honradez conturbada pol-o mal do estómago.

¡Adiante, xornal bô, xornal patriotal ¡Terra, a nosa!

### AS IRMANDADES DA FALA

háchanse de perfecto acordo con canto dixo o autore do varapau a

FRANCISCO C.

—irmañ de Xulio Camba—, no xornal vigués

“EL FARO DE VIGO,” e felicítan-o e danll' a mais cariñosa embora, da qué merecente.

## Peneirando...

Galicia istaba choca. Os *Amigos da fala* deitáron-a, e sacou infinidade de pitos.

O cacique que tivo a sorte d'ouvil-os por primeira vez en Santiago, foi Besada, cando foi representando ó goberno na inaugurazón do moimento á Rosalía.

Din qu'ó ouvila-a serenata dos pitos, marculou:

—¡Demoro, si eisi o fan de pitos, que non farán de galos!...



Picorete convirteu a *sua asamblea* en subasta de martelo. Pol-o d'agora soio dous oferceron prezos—ideias—, que foron-os publicados nos xornás.

E com'o prazo d'ademisións finara, e o artigo quedara a baixo prezo, prorrogou o prazo, e berra con moita comodidade dend'a sua casa:

—¡Dous, señores, dous!... Polo d'agora hai dous, ¿ninguén da mais?

E os dadiveiros d'ideias, porcatándose da sua trucada, monsergan pol-o baixo:

—¡Bó, gústache tanto a comodidade sin pagala, qu'até na inmortalidade vas de contrabando com'os rillotes nos noites: na traseira,



Até nós chegaron noticias de qu'aló por Pontevedra, foi ouxeto d'unha gran ovación con anacos de canteira, o aldraxante esquiretor manchego López de Haro.

Ilo debeu sere obra d'alguns auténticos i-enxebres ...netos dos celtas. A xugare pol-a maneira tan primitiva de dare ovacións, non nos queda lugare a dúbidas.



Chámannos noveles caudillos—moitas obrigas pol-o de caudillos—rexionalistas, e dñ qu'empregamos un radicalismo qu'en moitas ocasións fainos pasare do sinalado.

Non hai tal cousa. Ó que queren ver en nós com'un forte radicalismo non é outra cousa que nós temos un soio e úneco camiño, e non aloumeamos co-unha vela a Deus c'outra ó demo. Pol-o demais... ¡valemos moi pouco!...

Soio temos unha gran ventaxa: que cando esquirebimos, faguémolo nós, e non temos quen nos dite.



Un concexal do Auntamento da Cruña, persentou unha proposición na sesión do día 2, onde pedía que aquila corporación tomara en considerazón a Asamblea de parlamentarios que celebróuse en Barcelona, e os acordos que n-ila houbo.

Por non atopárese en dita sesión o señor Alcalde, foi desestimada. Era un prato in-



ventado por un pinche da cocíña, e, ¡velail, podíalle parescer mal ô cocíneiro de R. O., é... ¡non hai qu'esquecere o dato!

✱ ✱ ✱

Gabriel Alomar falando de Rosalía Castro, dixo que era o lazo vivente antr'o celtismo español e o portugués.

En troques, Unamuno, iste D. Miguel sempre en loita consigo mesmo, que fai as suás verdades con total-as mentiras, somellándose a un argadelo xenial, di, que cando Rosalía quixo salayar, por íla, non como galega, falou en castelán, en «lingoa civil e non rural», porque as queixas mais íntimas non poden eispresárese no noso idioma nativo.

Unamuno, ás veces n'as pensa.

¿Quén en Galicia, por moi castelaista que seña, na hora da dôr e do amore non condensa por imperativo de raza, obedente á lei do menor esforzo, séu sentimento en verbes galegos que deitan nos labres de maneira sinxela, sin decato?

¿Qué difrencia é isa, estrabecida polo gran paradoxista, antre Rosalía muller, e Rosalía galega? ¿Cómo podería cantar millor *coma muller*, quer decir con alma artificiosa, que coma galega?

Unamuno non lêu ou non enxerguéu os «Cantares» e «Follas Novas». E fala por falar. Porque no «linguaxe rural» atópase o millor de Rosalía. E o linguaxe rural, é linguaxe de trinta millós de homes.

E Unamuno, que di sintire xenreira pola hexemonia paramérica de Castela, devén enemigo do iberismo. Centralista a *ou tran-ce*. Dos que si Portugal axuntárase a España pedirían o asoballamento do portugués, no nome dos «conquistadores de tierra y de cielo» que perderon o ceyo e a terra e até o senso común.

✱ ✱ ✱

O *Ideal Gallego*, falando de que agora moitos políticos son rexionalistas di que Galicia sigue colleitando a indefrencia, tocando a gaita, sin redautar o indice das suás

necesidádes, coma o redautaron Cataluña, Asturias, Baskonia, etc.

Aquil xornal si que toca a gaita e o violón.

¿Non s'enterou aínda de que temos un programa político compreto, xa publicado n'istas columnas, froito do traballo dos «Precursores» que redautou fai moitos anos o mestre Cabeza León, con Brañas e outros?

¿Non s'enterou de que do programa rexionalista galego, naceron todol-os máis rexionalismos españois, o catalán, antre íles?

¿Non s'enterou de que das gloriosas Asambleas agrarias de Monforte saíu redautado o mais esencial e fondo do programa económico do noso rexionalismo?

Lea o lumioso estudo que Rodrigo Sanz fixo sobor d'aquelas Asambleas, e falará entón d'outro xeito.

Lea tamén os traballos da notabre sección «Estudos galegos» que creou Aurelio Ribalta.

I-erga o látego contra dos que, coma Picorete, poñen á Galicia no ridículo facendo rexionalismo de gaita, e pidindo a libre introdución con carácter permanente dos trigos na nosa terra...

E seipa, pol-o derradeiro, que agás Cataluña, ninguén—nin Asturias, nin a Montaña, nin Baskonia—ten un programa rexionalista mais compreto que nós.

✱ ✱ ✱

Hai xentes que sacrificanse por facer moimentos. Que loitan moito pra conseguir darlles remate. Son dinos de gabanza. Pro seu sacrificio atopa manífico premio. Na hora do trunfo, o «sacrificado» coase óllase posto á outura do xenio á quen se l'ergueu o moimento. ¿E os pobos milloran porque haxa unha estátua máis?

Cando todol-os loureiros son pra íses sacrificados, nós pensamos: ¿Non é mais fondo, mais transcendente, mais puro, mais penoso o sacrificio dos que, coma os «Amigos da Fala», loitan sin trégola, con forte vountade, por facer unha estátua de cidadanía no corazón da xuventude, sin agardar premios, sufrindo disgustos e desenganos, botando man ô peto de contino, tendo soio a satisfacción do deber cumprido?

E o das «Irmandades da Fala» o úneco santo sacrificio, porque endexamais a vanidá pode misturarse n'il.

E ¡quén o louba?

✱ ✱ ✱

Limos unhos notabres artigos nacionalistas de Vicente Gay dos que pensamos falar, porque son lumiosos e merecentes de se mentaren.

✱ ✱ ✱

En Lugo, seu pobo nativo, dóuselle un xantar ô gran pintor Xesús Corredoira, polo trunfo que conquiréu na Exposición de Bellas Artes de Madri.

Pra que Corredoira fose dino d'iste homenaxe houbo que agardar en Lugo a que da Meseta dixesen que tiña valimento.

E si da Meseta o non din, Corredoira seguiría sendo pr'ôs lugueses un probe rapaz pavero, mais pra risa que pra outra cousa.

¡Débelle tan pouco á Lugo que lle regateou unha cativa subvención!

Os pobos que non abranguen senso propio, de seu, son pobos mortos, escravos.

Eisí socede en coase todol-os de Galicia.

Non soio temos centralizada a política e a administración, até a y-alma, a concencia, o senso común.

Temos mérito cando a Madri lle peta dárnolo.

Xantares, músecas... ¡Lerial Vountade, concencia, mútuo apoio. Alma propia. Todo cheira á escravitude. O pensamento galego—¡mal pocado!—hipotecouse na Porta do Sol. E Lugo é a pirmeira finca da caciquería centralista.

Ben o sabe Besada, iste Besada que ñoraba como l'amostrou *Azorin*, que en «Mari Hernández la Gallega» s'aldraxa feramente á muller da nosa terra.

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA.

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra  
asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA



**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro ductos, empregade o

**SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

— DE —

Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA****VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

Pedidos: **W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense na rúa da Franxa, 41


Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.<sup>a</sup> EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.